



Economía e sociedade na Galicia dos Austrias

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº4:


Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

2º Bach. - IES Mendiño — 2024/2025

Prof. Xoel Díaz Alonso

A sociedade galega na época dos Austrias

- Galicia presentaba nestes anos as características básicas do **sistema feudal**:
 - ***Sociedade estamental*** moi xerarquizada.
 - ***Desigualdade ante a lei.***
 - ***Liderazgo dos sectores rendistas (nobreza e clero)***, que son señores dos seus feudos, e viven do cobro de rendas.



A sociedade galega na época dos Austrias

- Destacan os **fidalgos**, unha sorte de baixa nobreza que facían de intermediarios entre o campesiño pagador e o señor cobrador.
- Moitos señores arrendabanlles a xestión das labores contables.
- Os fidalgos acadaron un gran patrimonio e importancia social; mostra disto son os **pazos**.



A sociedade galega na época dos Austrias



A sociedade galega na época dos Austrias



A sociedade galega na época dos Austrias

- A **poboación galega** era bastante moza, presentando unha curta esperanza de vida (en torno a 40 anos).
- O **80% vivía no ámbito rural** (escaso peso das escasas cidades galegas), e realizaba **labores no campo**.
- Había unha elevada taxa de **analfabetismo**.



A economía galega na época dos Austrias

- Era unha **economía agraria de subsistencia e autoconsumo**.
- ***A dieta era pobre***; predominio das fariñas de trigo e centeo, as verduras, o viño e pouca carne.
- A terra traballábase con ***ferramentas rudimentarias*** e sen fertilizantes ou outras innovacións técnicas importantes.



A economía galega na época dos Austrias

- **Apenas quedaban excedentes** tras afrontar os campesiños os **pagos dos tributos** sobre o producido (décimo eclesiástico...), o empregado (moenda...) e o consumido (alcabala...). Case sempre facíanse en especie.
- Debido á insuficiencia agraria, moitos realizaban **labores complementarias** (fiado de liño...) ou **emigraban** a Castela ou Portugal.



A economía galega na época dos Austrias

- Malia a ausencia de innovacións, a **consolidación do millo e a pataca** propiciou un gran cambio desde o século XVII.
- Grazas a estes produtos ***aumentaron os niveis produtivos*** e as terras de labor.
- Propiciou un ***crecemento demográfico*** que mitigou a crise.



A economía galega na época dos Austrias

- Na **Galicia costeira**, a baixa produción dos minifundios agrarios alíviase polo ***traballo no mar***, que tampouco permite sobrepasar a subsistencia.
- Na época dos Austrias apenas haberá innovación na **pesca**, que chegarán xa no século XVIII, cos fomentadores cataláns, a arte do arrastre e as fábricas de salgadura.



A economía galega na época dos Austrias

- Chegaron a ter certa relevancia os **gremios de mareantes** de cidades como Pontevedra.
- Os principais portos galegos (Pontevedra, Baiona, Vigo, Coruña...) **comerciaban** con outras cidades españolas (Sevilla, Bilbao, Cádiz...) e europeas (Lisboa, Oporto, Amberes...).



A economía galega na época dos Austrias

- Exportábase viño, sardiña, polbo, pescada, castañas ou cítricos, e importábase cereais, aceite ou sal (esta procedía de Aveiro, e era vital para a conservación dos peixes).
- En contadas ocasións organizábanse campañas de pesca en altura (por exemplo, a Terranova polo bacallau).




A vida urbana galega na época dos Austrias


- O comercio marítimo e a artesanía entran en **decadencia** a finais do século XVI, como en toda a Monarquía Hispánica.
- Causas son a ubicación marxinal de Galicia, a non participación no comercio americano e a inseguridade internacional .
- O lugar preponderante nas cidades pasa a ser dos **fidalgos**.



A vida urbana galega na época dos Austrias



A vida urbana galega na época dos Austrias





Ánimo eo estudo!